



## 1. AS PROPIEDADES DA MATERIA

A materia é todo aquilo que ten masa e ocupa un espazo. Cada tipo de materia caracterízase por unha serie de trazos que poden ser:

- **Xerais.** Dependen da medida do obxecto ou corpo. Son a masa e o volume.
- **Características.** Son aquelas propiedades que non dependen da medida do obxecto ou corpo. Algúns exemplos serían a cor, a densidade, a solubilidade...

### PROPIEDADES XERAIS DA MATERIA

#### Masa

É a cantidade de materia que ten un corpo e para medila utilizamos unha balanza.

A unidade fundamental é o **quilogramo (kg)**. Se queremos medir masas máis pequenas utilizamos o hectogramo (hg), o decagramo (dag), o gramo (g), o decígramo (dgl), o centígramo (cgl) ou o milígramo (mg). Para cantidades maiores, empregamos a tonelada (tm).




#### Volume

É o espazo que ocupa un corpo. A unidade utilizada para medilo é o **metro cúbico (m³)**. Para medir volumes máis pequenos, utilizamos os seus submúltiplos: dm³, cm³ e mm³. E para medir volumes maiores, usamos o hectómetro cúbico (hm³).

O litro (L) e o mililitro (mL) son medidas de capacidade que a miúdo se utilizan para indicar volumes, sobre todo no caso dos líquidos.

Podemos calcular o volume dun líquido mediante recipientes medidores como a probeta, a pipeta, a xiringa, a bureta ou o matraz aforado.

No caso dos sólidos deberíamos introducir o obxecto no interior do líquido e observar o aumento de volume experimentado nel. Tamén podemos usar diferentes fórmulas matemáticas cando o corpo é un poliedro regular.



1. Relaciona, no teu caderno, as seguintes medidas coas súas unidades e símbolos correspondentes:



- O peso duns nenos
- O peso dun camión cargado de terra
- A auga que cabe nunha piscina
- A composición dun medicamento
- A auga que sae dunha billa por minuto
- O peso dun teléfono móbil
- A cantidade de xarope que debo tomar

- Toneladas
- Gramos
- Litros
- Metros cúbicos
- Centímetros cúbicos
- Quilogramos
- Gramos

- kg
- g
- m³
- cm³
- tm
- L
- g